Concesións administrativas.

Os locais nos que se ubican as sedes federativas de Santiago e Ourense están cedidos á FGC polo Concello de Santiago de Compostela e pola Xunta de Galicia, respectivamente, para o seu uso administrativo. Non se activaron estas concesións por entender que non cumpren as condicións e requisitos para a súa valoración contable, dado que en ámbolos-dous casos o seu uso é gratuíto, nin xeran gastos de alugueiro nin rendas económicas.

No caso do local de Santiago non existe na actualidade contrato formal de alugueiro (o último contrato rematou o 1-10-2007, solicitándose a súa renovación o 11-10-2007); e no caso de Ourense existe un contrato coa Xunta de Galicia por unha duración de 20 anos (a contar desde o 2-6-2016) no que consta expresamente a súa concesión gratuíta dado que o aproveitamento desas instalacións non conleva unha utilidade económica para o concesionario.

Non obstante o anterior, a efectos de valorar a repercusión económica de ambas concesións nas contas anuais, a continuación fáise unha simulación das posibles rendas que poderían supoñer ámbalas-dúas sedes:

No caso do local de Santiago de Compostela, duns 250 m² aprox., tomando como referencia a última renda establecida no contrato do ano 1994 (240,00 €) actualizada cos sucesivos IPC, segundo a páxina de actualización de rendas do INE, a taxa de variación sería dun 99,2%, o que suporía un custo mensual de 478,08 €, polo que a súa repercusión nas contas federativas sería de 5.736,96 € anuais.

Respecto ao local de Ourense, de 24 m², ao non constar no contrato formalizado ningunha mención ao valor da renda, tomando como referencia o prezo medio por m² que establecen diferentes portais inmobiliarios da zona (actualmente arredor de 7 €/m²) suporía nas contas federativas un custo mensual de 168 €, é dicir a súa repercusión nas contas anuais sería duns 2.016 €.

En canto ás instalacións das demais sedes federativas non estarían incluídas neste epígrafe xa que as oficinas de A Coruña e Pontevedra son propiedade da FGC e a de Lugo está baixo réxime de alugueiro.

Por tanto, o inmovilizado intanxible da FGC constitúeo unicamente as aplicacións informáticas necesarias para o correcto desenvolvemento da actividade federativa (con vida útil estimada superior a un ano) e as patentes e marcas rexistradas. Na actualidade a FGC ten rexistradas na Oficina Española de Patentes e marcas os títulos e/ou marcas *Galicia Cinexética*, *Caza Galega*, *FGC* e *o escudo federativo*.

Estes activos amortízanse linealmente en función dos anos de vida útil estimada, considerando que son 10 anos para a propiedade industrial e 5 anos para as aplicacións informáticas:

Descrición	(%) Amortización
Aplicacións informáticas	20%
Patentes e Marcas	10%

Corrección de erros.

Tras advertirse que na conta de Aplicacións Informáticas figuraban rexistradas algunhas licenzas de software de uso anual, procedeuse á súa corrección dándoas de baixa do inmovilizado.

Baixa de elementos do inmovilizado intanxible por depreciación.

Procedeuse a retirar do inmovilizado aqueles elementos en desuso por deterioro, paso do tempo ou obsolescencia funcional, pero esta devaluación non afecta ao valor actual do inmovilizado dado que todos os elementos estaban amortizados ao 100%.

4.2 Inmovilizado material.

Neste epígrafe inclúense aqueles bens necesarios para o funcionamento da entidade cuxa vida útil en condicións de uso estímase superior ao ano.

Os elementos do inmovilizado material valóranse polo prezo de adquisición que inclúe, ademais do importe facturado despois de deducir calquera desconto ou rebaixa habida no prezo, os gastos adicionais directamente relacionados que puideran producirse ata a súa posta en funcionamento, tales como gastos de transporte, instalación, montaxe e outros semellantes.

Os gastos de reparación, conservación e mantemento que non representen unha ampliación da vida útil dos bens impútanse directamente a gastos do exercicio no que se produzan.

A FGC considera que o valor contable dos seus bens patrimoniais non superan o valor recuperable dos mesmos.

A amortización dos diferentes elementos realízase, desde o momento no que están dispoñibles para o seu funcionamento, de forma lineal en función da natureza e duración esperada, estimándose un valor residual nulo:

Descrición	(%) Amortización
Equipos técnicos e deportivos	20%
Mobiliario e equipos de oficina	10% - 20%
Instalacións de uso administrativo:	
- Construcións (locais propios)	2%
- Acondicionamento sedes	10%
Outro inmovilizado material	20%
Elementos de transporte	20%
Equipos de proceso de información	20%

Perdas procedentes do inmovilizado material.

Durante o exercicio rexistrouse a perda irreversible dun ordenador, contabilizándose o importe pendente de amortizar na conta de perdas procedentes do inmovilizado material do exercicio.

Baixa de bens do inmovilizado material por depreciación.

Procedeuse a dar de baixa do inmovilizado material os bens irreversibles por deterioro funcional, pero estes non representan perdas no inmovilizado nin tampouco modifican o valor do balance ao estar todos eles amortizados ao 100%.

4.3 Instrumentos financeiros.

a) Activos financeiros.

Compoñen os activos financeiros da FGC, o efectivo e outros líquidos equivalentes, os créditos por operacións derivadas da actividade habitual, entendéndose como tales os dereitos de cobro sobre os afiliados e outros usuarios debedores pola prestación de servizos propios da actividade (servizos federativos, deportivos, etc.) e os dereitos contractuais que dan lugar a recibir efectivo ou outro activo financeiro dun terceiro (por exemplo, convenios de colaboración).

b) Pasivos financeiros.

Os pasivos financeiros están constituídos por aquelas obrigas que supoñen á FGC a entrega de efectivo ou outro activo financeiro a un terceiro, tales como débitos por operacións comerciais con provedores e acredores por prestación de servizos.

A FGC rexistra tanto os activos como os pasivos financeiros polo seu valor nominal que, salvo evidencia en contrario, corresponderase co prezo da transacción que equivalerá ao valor da contraprestación entregada. Os custes atribuíbles á transacción, de pouca importancia relativa, impútanse directamente ás contas ao exercicio.

A FGC non ten inversións financeiras nin en empresas do grupo, multigrupo e asociadas nin doutro tipo que poidan supor un risco de cambio de valor.

4.4 Existencias.

As existencias rexistradas no inventario corresponden á equipación deportiva da selección galega das diferentes especialidades deportivas, de xuíces e árbitros e de delegados-técnicos, é dicir trátase de material de consumo propio, non de material corporativo nin doutro tipo destinado á venda.

As existencias valóranse polo prezo de adquisición, é dicir polo importe facturado polo proveedor. No caso de haber gastos adicionais, como por exemplo transporte, etc., estes rexístranse directamente nas contas do exercicio do que se trate.

4.5 Imposto sobre beneficios.

A FGC é unha entidade sen fins lucrativos, acollida á Lei 49/2002, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, que durante os exercicios 2023 e 2022 non realizou ningunha actividade non exenta, por tanto non figura ningún gasto reflectido no balance por este concepto. Sen embargo, conforme ao previsto no art. 9.2 da Lei 27/2014 (LIS), declara anualmente a totalidade das súas rendas aínda que estas estean exentas de tributación.

4.6 Ingresos e gastos.

Os ingresos e gastos rexístranse en función do criterio de devengo, con independencia do momento no que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles. É dicir, os gastos rexístranse cando se adquiren os compromisos de pagamento e os ingresos cando se produce o dereito de cobro, agás no caso de posibles riscos ou perdas que, seguindo o principio de prudencia, rexístranse no momento de ter coñecemento dos mesmos.

Os ingresos recoñécense polo valor nominal da contraprestación recibida ou a recibir e representan os importes a cobrar polos bens entregados ou polos os servizos prestados.

Os posibles descontos sobre compras rexístranse como unha minoración do gasto.

As licenzas e cotas de afiliados recoñécense como ingresos no período ao que corresponden, e os ingresos procedentes de colaboracións ou axudas rexístranse segundo os convenios subscritos ou as campañas que abrangan.

4.7 Provisións e continxencias.

Por acordo da asemblea xeral da FGC do 11-4-2015 provisiónase anualmente o importe das cotas federativas daquelas entidades deportivas que adebeden tres anualidades e, tras requirirllle fehacientemente o seu pago, procédese a aperturarlle expediente de baixa no caso de non saldar a débeda.

As provisións aplicadas polo concepto anterior figuran reflectidas na nota 12 desta memoria.

Polo demais, á data de peche do exercicio, a FGC non ten constancia de ningunha outra continxencia nin obriga legal ou implícita.

4.8 Criterios empregados para o rexistro e valoración dos gastos de persoal.

As retribucións do persoal rexístranse polo criterio de devengo, contabilizándose separadamente os custes de salarios das cargas sociais e doutros gastos de persoal.

As retribucións inclúen os soldos, pagas extras, vacacións e calquera outra obriga de orde social voluntaria ou obrigatoria establecida no convenio laboral de oficinas e despachos da provincia de A Coruña, polo que se rexe todo o persoal da FGC, indistintamente da provincia na que se ubique o seu centro de traballo habitual.

Os ascensos de categoría profesional corresponden ao Presidente da FGC ou persoa na que delegue, salvo nos supostos previstos no convenio laboral.

A FGC non realiza retribucións a longo prazo ao persoal, nin ten subscritos seguros de vida, nin plans de pensións, nin compromisos cos traballadores relativos a subsidios, prexubilacións ou xubilacións.

Ao peche do exercicio non consta que exista ningún litixio en curso derivado de asuntos laborais.

4.9 Subvencións, donacións e legados.

As subvencións, donación e legados recoñécense segundo a natureza das mesmas. Durante o exercicio 2023, a FGC só recibiu subvencións ou axudas oficiais, da Administración, á explotación para financiar gastos específicos, contabilizándose directamente como ingreso no exercicio polo valor nominal do importe concedido.

4.10 Criterios empregados en transaccións entre partes vinculadas.

As operacións entre partes vinculadas, no suposto de existir, con independencia do grao de vinculación, rexistráranse con arranxo ás normas xerais, e os elementos obxecto das transaccións que puideran realizarse contabilizáranse no momento inicial polo seu valor razoable, realizándose a valoración posterior de acordo co previsto nas normas particulares para as contas correspondentes.

Enténdese que son por partes vinculadas á FGC, as persoas físicas que posúan directa ou indirectamente algunha participación nos dereitos de voto da federación de xeito que lle permita exercer unha influencia significativa, tamén os seus familiares próximos e o persoal clave (considerándose como tal as persoas físicas con autoridade e responsabilidade sobre a planificación, dirección e control das actividades da entidade) entre os que se inclúen os membros dos órganos de goberno e os seus familiares próximos; así como as entidades sobre as que as persoas mencionadas poida exercer algunha influencia significativa, e aquelas outras que compartan algún conselleiro ou directivo coa federación, salvo que este non exerza unha influencia significativa nas políticas financeiras e de explotación de ambas e, no seu caso, os familiares próximos.

5. INMOBILIZADO INTANXIBLE E INMOBILIZADO MATERIAL.

5.1 Inmobiliado intanxible.

Tal e como se apuntou na [nota 4.1](#), as baixas producidas no inmobiliado intanxible ao longo do exercicio corresponden á corrección de erros de licenzas de software de uso anual rexistradas na conta de aplicacións informáticas de exercicios anteriores. A diferenza pendente de amortización contabilizouse directamente nas contas do exercicio.

A alta producida durante o exercicio na partida de propiedade industrial corresponde á renovación do rexistro da marca “Federación Galega de Caza” na Oficina Española de Patentes e marcas. Tanto as altas deste exercicio como do anterior foron adquiridas cos recursos propios da federación, non se contou neste caso con ningún tipo de axuda externa.

O movemento habido no inmobiliado intanxible durante do exercicio 2023 foi o seguinte:

	INMOBILIZADO						AMORTIZACIÓN					VALOR NETO CONTABLE		
	Saldo inicial (31-12-22)	Aumento ou diminución	Total inicial + traspaso	Entradas (altas 2023)	Saídas (baixas 2023)	SALDO FINAL INMOBILIZADO 31-12-2023	Saldo inicial Amort. Acumulada (31-12-22)	Axustes AA Inicial (*)	Total inicial + traspaso	Saídas (baixas 2023)	Dotación amortización 2023		SALDO FINAL AMORT AC 2023	
APLICACIÓNS INFORMÁTICAS	Dpto 1 (Stgo)	6.117,88				-2.344,09	3.773,79	-4.156,60	-0,03		1.197,37	-254,76	-3.214,02	559,77
	Dpto 2 (Po)						0,00						0,00	0,00
	Dpto 3 (Ou)	264,03					264,03	-264,03					-264,03	0,00
	Dpto 4 (Lu)	128,29				-128,29	0,00	-6,40		6,40			0,00	0,00
	Dpto 5 (Co)	18,90				-18,90	0,00	-1,57		1,57			0,00	0,00
	TOTAL	6.529,10	0,00	0,00	0,00	-2.491,28	4.037,82	-4.428,60	-0,03	1.205,34	-254,76	-3.478,05	559,77	
PROPIEDAD INDUSTRIAL	Dpto 1 (Stgo)	3.888,82			474,76		4.363,58	-3.179,37			-215,94		-3.395,31	968,27
	Dpto 2 (Po)						0,00						0,00	0,00
	Dpto 3 (Ou)						0,00						0,00	0,00
	Dpto 4 (Lu)						0,00						0,00	0,00
	Dpto 5 (Co)						0,00						0,00	0,00
	TOTAL	3.888,82	0,00	0,00	474,76	0,00	4.363,58	-3.179,37	0,00	0,00	-215,94	-3.395,31	968,27	
TOTAL	Dpto 1 (Stgo)	10.006,70	0,00	0,00	474,76	-2.344,09	8.137,37	-7.335,97	-0,03		1.197,37	-470,70	-6.609,33	1.528,04
	Dpto 2 (Po)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	Dpto 3 (Ou)	264,03	0,00	0,00	0,00	0,00	264,03	-264,03	0,00	0,00	0,00	-264,03	0,00	0,00
	Dpto 4 (Lu)	128,29	0,00	0,00	0,00	-128,29	0,00	-6,40	0,00	6,40	0,00	0,00	0,00	0,00
	Dpto 5 (Co)	18,90	0,00	0,00	0,00	-18,90	0,00	-1,57	0,00	1,57	0,00	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	10.417,92	0,00	0,00	474,76	-2.491,28	8.401,40	-7.607,97	-0,03	1.205,34	-470,70	-6.873,36	1.528,04	

* Axuste saldo inicial amortización acumulada = 0,03

O importe dos bens en uso totalmente amortizados é de 5.217,47 €.

5.2 Inmobiliado material.

Para manter unha homoxeneidade entre os distintos departamentos contables da FGC, de xeito que a comparación e análise da información no seu conxunto sexa uniforme, durante este exercicio realizouse unha reclasificación de bens entre as diferentes contas do inmobiliado material co obxecto de rexistrar os elementos da mesma índole na mesma conta. A reclasificación efectuada non modifica o valor dos elementos patrimoniais nin afecta á comparación dos saldos do balance actual co anterior.

Neste exercicio, tal e como se sinalou na [nota 4.2](#), rexistrouse a perda irreversible dun ordenador e déronse de baixa aqueles elementos en desuso (por deterioro, paso do tempo ou obsolescencia funcional) que estaban amortizados ao 100%, por tanto o seu valor non repercute no resultado do balance.

En base ao criterio explicado anteriormente, o detalle de movementos do inmovilizado material durante o exercicio 2023 foi o seguinte:

		INMOBILIZADO					SALDO FINAL INMOBILIZADO 31-12-2023	AMORTIZACIÓN					VALOR NETO CONTABLE				
		Saldo inicial (31-12-22)	Aumento e diminuc por traspaso entre ctas	Total inicial + traspaso	Entradas (altas 2023)	Saídas (baixas 2023)		Saldo inicial Amort. Acumulada (31-12-22)	Axustes AA Inicial (*)	Aumento e diminuc por traspaso entre ctas	Total inicial + traspaso	Saídas (baixas 2023)		Dotación amortización 2023	SALDO FINAL AMORT AC 2023		
EQUIPOS TÉCNICOS E DEPORTIVOS	Dpto 1 (Stgo)	7.432,26	4.877,85	12.310,11	1.339,37		13.649,48										
	Dpto 2 (Po)		2.957,71	2.957,71			2.957,71										
	Dpto 3 (Ou)	19.146,45	3.190,61	22.337,06			22.337,06	-19.146,45									
	Dpto 4 (Lu)	3.345,65	3.314,03	6.659,68	126,00		6.785,68	-999,10									
	Dpto 5 (Co)		3.866,16	3.866,16	510,09		4.376,25										
	TOTAL	29.924,36	18.206,36	48.130,72	1.975,46	0,00	50.106,18	-26.767,44	-13.756,67	-40.524,11	-4.000,07	-44.524,18	5.582,00				
MOBILIARIO E EQUIPOS DE OFICINA	Dpto 1 (Stgo)	11.956,16	6.824,85	18.781,01			18.781,01	-11.956,14									
	Dpto 2 (Po)	7.272,07		7.272,07		-348,05	6.924,02	-7.272,07									
	Dpto 3 (Ou)	3.323,79		3.323,79			3.323,79	-2.931,99									
	Dpto 4 (Lu)	3.928,80	1.593,57	5.522,37			5.522,37	-3.857,58		-908,65							
	Dpto 5 (Co)	31.188,80	-1.138,37	30.050,43			30.050,43	-29.964,79		436,39							
	TOTAL	57.669,62	7.280,05	64.949,67	0,00	-348,05	64.601,62	-55.982,57	-6.398,50	-62.381,07	348,05	-809,12	-62.842,14	1.759,48			
INSTALACIÓN S DE USO ADMVO.	Dpto 1 (Stgo)	13.875,80	743,40	14.619,20			14.619,20	-13.588,99									
	Dpto 2 (Po)	44.214,10		44.214,10			44.214,10	-16.666,08									
	Dpto 3 (Ou)			0,00			0,00										
	Dpto 4 (Lu)	22.487,67		22.487,67			22.487,67	-14.616,58									
	Dpto 5 (Co)	150.062,07		150.062,07			150.062,07	-43.054,99									
	TOTAL	230.639,64	743,40	231.383,04	0,00	0,00	231.383,04	-87.926,64	-743,40	-88.670,04	-6.248,95	-94.918,99	136.464,05				
OUTRO INMOBILIZ ADO MATERIAL	Dpto 1 (Stgo)	29.294,37	-21.504,74	7.789,63		-668,75	7.120,88	-25.839,32	-0,01	18.491,09	-7.348,24	668,75	-186,00	-6.865,49	255,39		
	Dpto 2 (Po)	5.321,71	-3.853,40	1.468,31	169,99	-572,86	1.065,44	-4.036,87		3.087,77	-949,10	572,86	-110,54	-486,78	578,66		
	Dpto 3 (Ou)	11.386,24	-11.218,41	167,83	169,99		337,82	-10.626,44	-0,01	10.458,62	-167,83		-17,00	-184,83	152,99		
	Dpto 4 (Lu)	8.032,68	-7.727,28	305,40	169,99		475,39	-4.922,14		4.728,14	-194,00		-63,10	-257,10	218,29		
	Dpto 5 (Co)	8.033,26	-7.683,26	350,00	121,00		471,00	-4.394,36		4.044,36	-350,00		-16,13	-366,13	104,87		
	TOTAL	62.068,26	-51.987,09	10.081,17	630,97	-1.241,61	9.470,53	-49.819,13	-0,02	40.809,98	-9.009,17	1.241,61	-392,77	-8.160,33	1.310,20		
ELEMENTOS DE TRANSPORTE	Dpto 1 (Stgo)		3.500,00	3.500,00			3.500,00										
	Dpto 2 (Po)			0,00			0,00										
	Dpto 3 (Ou)		7.000,00	7.000,00			7.000,00										
	Dpto 4 (Lu)			0,00			0,00										
	Dpto 5 (Co)		2.850,00	2.850,00			2.850,00										
	TOTAL	0,00	13.350,00	13.350,00	0,00	0,00	13.350,00	0,00	0,00	-9.670,00	-9.670,00	-1.270,00	-10.940,00	2.410,00			

		INMOBILIZADO					AMORTIZACIÓN							VALOR NETO CONTABLE	
		Saldo inicial (31-12-22)	Aumento e diminuc por traspaso entre ctas	Total inicial + traspaso	Entradas (altas 2023)	Saídas (baixas 2023)	SALDO FINAL 31-12-2023	Saldo inicial Amort. Acumulada (31-12-22)	Axustes AA Inicial (*)	Aumento e diminuc por traspaso entre ctas	Total inicial + traspaso	Saídas (baixas 2023)	Dotación amortización 2023		SALDO FINAL AMORT AC 2023
EQUIPOS DE PROCESO DE INFORMACIÓN	Dpto 1 (Stgo)	20.974,04	5.558,64	26.532,68	4.687,38	-4.584,66	26.635,40	-15.315,03		-5.536,86	-20.851,89	4.502,16	-2.708,91	-19.058,64	7.576,76
	Dpto 2 (Po)	6.452,02	895,69	7.347,71	129,00	-4.935,10	2.541,61	-6.286,60		-858,13	-7.144,73	4.935,10	-143,75	-2.353,38	188,23
	Dpto 3 (Ou)	2.309,05	1.027,80	3.336,85			3.336,85	-2.034,01		-1.017,11	-3.051,12		-137,19	-3.188,31	148,54
	Dpto 4 (Lu)	4.781,02	2.819,68	7.600,70	279,00		7.879,70	-3.450,08		-1.589,29	-5.039,37		-900,55	-5.939,92	1.939,78
	Dpto 5 (Co)	9.217,12	2.105,47	11.322,59			11.322,59	-5.161,74		-1.240,02	-6.401,76		-1.596,88	-7.998,64	3.323,95
TOTAL	43.733,25	12.407,28	56.140,53	5.095,38	-9.519,76	51.716,15	-32.247,46		10.241,41	-42.488,87	9.437,26	-5.487,28	-38.538,89	13.177,26	
TOTAL	Dpto 1 (Stgo)	83.532,63	0,00	83.532,63	6.026,75	-5.253,41	84.305,97	-73.321,37	-0,01	0,00	-73.321,38	5.170,91	-5.059,58	-73.210,05	11.095,92
	Dpto 2 (Po)	63.259,90	0,00	63.259,90	298,99	-5.856,01	57.702,88	-34.261,62		0,00	-34.261,62	5.856,01	-1.607,22	-30.012,83	27.690,05
	Dpto 3 (Ou)	36.165,53	0,00	36.165,53	169,99	0,00	36.335,52	-34.738,89	-0,01	0,00	-34.738,90	0,00	-870,76	-35.609,66	725,86
	Dpto 4 (Lu)	42.575,82	0,00	42.575,82	574,99	0,00	43.150,81	-27.845,48		0,00	-27.845,48	0,00	-4.602,87	-32.448,35	10.702,46
	Dpto 5 (Co)	198.501,25	0,00	198.501,25	631,09	0,00	199.132,34	-82.575,88		0,00	-82.575,88	0,00	-6.067,76	-88.643,64	110.488,70
TOTAL	424.035,13	0,00	424.035,13	7.701,81	-11.109,42	420.627,52	-252.743,24	-0,02	0,00	-252.743,26	11.026,92	-18.208,19	-259.924,53	160.702,99	

* Axuste saldo inicial amortización acumulada = 0,02

O importe dos bens en uso, totalmente amortizados a 31 de decembro de 2023 e 2022, é o seguinte:

	EXERCICIO 2023						EXERCICIO 2022					
	Dpto 1 (Stgo)	Dpto 2 (Po)	Dpto 3 (Ou)	Dpto 4 (Lu)	Dpto 5 (Co)	TOTAL	Dpto 1 (Stgo)	Dpto 2 (Po)	Dpto 3 (Ou)	Dpto 4 (Lu)	Dpto 5 (Co)	TOTAL
EQUIP. TÉCNICOS E DEPORTIVOS	9.511,72	2.219,08	21.070,53	2.630,87	2.131,60	37.563,80	5.297,71		19.146,45	706,79		25.150,95
MOBILIARIO E EQUIP OFICINA	17.362,47	6.924,02	2.219,81	3.962,68	29.295,37	59.764,35	11.956,14	7.272,07	2.219,81	3.738,83	29.157,43	54.344,28
INSTALACIÓNS USO ADMVO	13.471,85					13.471,85	12.728,42					12.728,42
OUTRO INMOBILIZADO MATERIAL	6.229,53	212,55	167,83	74,90	350,00	7.034,81	20.060,94	1.430,77	7.982,19	1.266,79	1.455,98	32.196,67
ELEMENTOS TRANSPORTE			7.000,00			7.000,00						0,00
EQUIPOS PROC INFORMACIÓN	13.932,85	2.038,96	2.742,70	3.435,71	3.338,04	25.488,26	9.734,06	5.735,94	928,40	1.870,67	1.911,00	20.180,07
TOTAL	60.508,42	11.394,61	33.200,87	10.104,16	35.115,01	150.323,07	59.777,27	14.438,78	30.276,85	7.583,08	32.524,41	144.600,39

(1) Á hora de analizar a información anterior debe terse en conta a reclasificación realizada no exercicio 2023.

6. INSTRUMENTOS FINANCIEROS.

6.1 Valor dos activos financeiros, salvo inversións no patrimonio de empresas do grupo, multigrupo e asociadas.

A información dos instrumentos financeiros do activo do balance da FGC a curto prazo sen considerar o efectivo e outros activos equivalentes, clasificados por categorías, é a seguinte:

CATEG.	CLASES	Instrumentos financeiros a longo prazo		Instrumentos financeiros a curto prazo			TOTAL
		Instrumentos de patrimonio	Outros activos	Instrum. de patrimonio	Valores representativos de débeda	Créditos, derivados e outros	
EXERCICIO ACTUAL (2023)							
	Préstamos e partidas a cobrar	0,00	0,00	0,00	0,00	115.034,04	115.034,04
EXERCICIO ANTERIOR (2022)							
	Préstamos e partidas a cobrar	0,00	0,00	0,00	0,00	102.346,01	102.346,01

A categoría de **préstamos e partidas a cobrar** comprende básicamente os activos que se orixinan pola prestación de servizos da FGC aos seus afiliados e outros debedores da actividade. Exceptúanse deste epígrafe os saldos debedores das Administracións Públicas a pesar de que supoñan un dereito de cobro (consulta ICAC do 30-9-2011):

	EXERCICIO 2023			EXERCICIO 2022		
	Cientes prestación de servizos	Outros debedores	TOTAL	Cientes prestación de servizos	Outros debedores	TOTAL
Dpto 1 (Stgo)	-1.519,55	1.125,00	-394,55	0,22	2.736,04	2.736,26
Dpto 2 (Po)	45.025,44	779,99	45.805,43	32.749,22	4.184,47	36.933,69
Dpto 3 (Ou)	-108,69	783,12	674,43	-744,57	1.501,70	757,13
Dpto 4 (Lu)	56.725,09	813,27	57.538,36	34.683,48	17.107,71	51.791,19
Dpto 5 (Co)	3.060,30	8.350,07	11.410,37	2.463,83	7.663,91	10.127,74
TOTAL	103.182,59	11.851,45	115.034,04	69.152,18	33.193,83	102.346,01

Desglose das contas anteriores que compoñen a categoría de préstamos e partidas a cobrar:

a) Clientes por prestación de servizos:

	EXERCICIO 2023				EXERCICIO 2022			
	Entidades deportivas	Fed Aut	Deportistas e outros federados	TOTAL	Entidades deportivas	Fed Aut	Deportistas e outros federados	TOTAL
Dpto 1 (Stgo)	-1.580,00	-31,30	91,75	-1.519,55	-140,00	0,00	140,22	0,22
Dpto 2 (Po)	43.181,76	0,00	1.843,68	45.025,44	30.993,20	0,00	1.756,02	32.749,22
Dpto 3 (Ou)	-183,69	0,00	75,00	-108,69	-974,57	0,00	230,00	-744,57
Dpto 4 (Lu)	55.214,38	0,00	1.510,71	56.725,09	33.088,77	0,00	1.594,71	34.683,48
Dpto 5 (Co)	2.690,20	0,00	370,10	3.060,30	2.350,23	0,00	113,60	2.463,83
TOTAL	99.322,65	-31,30	3.891,24	103.182,59	65.317,63	0,00	3.834,55	69.152,18

- A conta de Entidades deportivas corresponde, en xeral, a débedas dos clubs, sociedades e asociacións afiliadas á FGC por cotas anuais da licenza federativa de entidades deportivas, por competicións e por licenzas federativas e DU dos seus asociados (no caso do dpto. 1 o saldo resultante é acredor).

- O saldo de Federacións autonómicas debedoras, neste caso acreedor, correspondente ao importe dunha licenza de caza dun >65 anos, pendente de devolución á Federación Vasca de Caza.
- O saldo da conta Deportistas e outros federados corresponde a débedas de afiliados por prestación de servizos federativos, tales como tramitación de licenzas federativas e seguros, licenzas de emisoras, licenzas caza, trámites REGIAC, etc.

b) Outros debedores:

	EXERCICIO 2023				EXERCICIO 2022			
	Debedores varios	Debedores convenios colab e outras axudas	Debedores dudoso cobro	TOTAL	Debedores varios	Debedores convenios e outras axudas	Debedores dudoso cobro	TOTAL
Dpto 1 (Stgo)	0,00	1.125,00	0,00	1.125,00	0,00	2.736,04	0,00	2.736,04
Dpto 2 (Po)	0,00	509,99	270,00	779,99	0,00	494,47	3.690,00	4.184,47
Dpto 3 (Ou)	0,00	513,12	270,00	783,12	0,00	421,70	1.080,00	1.501,70
Dpto 4 (Lu)	0,00	813,27	0,00	813,27	15.679,00	888,71	540,00	17.107,71
Dpto 5 (Co)	0,00	8.080,07	270,00	8.350,07	0,00	6.133,91	1.530,00	7.663,91
TOTAL	0,00	11.041,45	810,00	11.851,45	15.679,00	10.674,83	6.840,00	33.193,83

- a conta de Debedores por convenios de colaboración e outras axudas, reclasificouse pasando da partida de clientes por prestación de servizos á de outros debedores. Compoñen este saldo as axudas extraordinarias de Mutuasport para competicións e os convenio de colaboración con Piensos Nanfor e cos concellos de Cedeira e Cariño, pendentes de cobro ao peche do exercicio.
- O saldo da conta de Debedores de dudoso cobro corresponde ás cotas pendentes polas anualidades 2021 a 2023 das entidades federadas Cibrán Xinés (Pontevedra), Ourenca (Ourense) e Touro (A Coruña). En cumprimento do acordo da asemblea xeral do 11-4-2015 dotouse tamén a correspondente provisión (as entidades de dudoso cobro do exercicio anterior foron 18 por un total de 76 cotas das que se recuperaron no exercicio actual 37).

6.2 Pasivos financeiros.

A información dos instrumentos financeiros do pasivo do balance **a curto prazo**, clasificados por categorías a 31 de decembro de 2023 e 22, é a seguinte:

CLASES CATEG.	Instrumentos financeiros a longo prazo		Instrumentos financeiros a curto prazo		TOTAL
	Débedas con entidades de crédito	Fianzas recibidas a longo prazo	Débedas con entidades de crédito	Outros acredores e contas a pagar	
EXERCICIO ACTUAL (2023)					
Débitos e partidas a pagar	0,00	0,00	0,00	62.566,01	62.566,01
EXERCICIO ANTERIOR (2022)					
Débitos e partidas a pagar	0,00	0,00	0,00	30.116,92	30.116,92

A categoría de **débitos e partidas a pagar** comprende aos saldos pendentes con provedores, acredores e outras débedas a curto prazo agás os saldos da conta de partidas pendentes de aplicación. Exclúense tamén deste epígrafe as débedas coa Administración (consulta ICAC de 30-09-2011).

	EXERCICIO 2023				EXERCICIO 2022			
	Provedores	Outros acredores	Outras débedas C/P	TOTAL	Provedores	Outros acredores	Outras débedas C/P	TOTAL
Dpto 1 (Stgo)	3.583,72	42.740,26	9.701,91	56.025,89	3.620,97	22.320,58	1.408,15	27.349,70
Dpto 2 (Po)	2.689,97	113,50	0,00	2.803,47	1.201,34	0,08	0,00	1.201,42
Dpto 3 (Ou)	0,00	10,89	0,00	10,89	0,00	0,00	43,01	43,01
Dpto 4 (Lu)	879,00	470,02	195,59	1.544,61	133,10	45,16	0,00	178,26
Dpto 5 (Co)	778,69	385,28	1.017,18	2.181,15	190,72	178,78	975,03	1.344,53
TOTAL	7.931,38	43.719,95	10.914,68	62.566,01	5.146,13	22.544,60	2.426,19	30.116,92

A FGC non ten débedas con entidades financeiras nin tampouco outro tipo de débedas con garantía real.

Desglose das contas anteriores que compoñen a categoría de débitos e partidas a pagar:

a) Provedores:

	EXERCICIO 2023	EXERCICIO 2022
Dpto 1 (Stgo)	3.583,72	3.620,97
Dpto 2 (Po)	2.689,97	1.201,34
Dpto 3 (Ou)	0,00	0,00
Dpto 4 (Lu)	879,00	133,10
Dpto 5 (Co)	778,69	190,72
TOTAL	7.931,38	5.146,13

- O saldo anterior correspondente ao exercicio 2023 corresponden a diversas facturas de compras ou servizos devengados e pendentes de pago ao peche do exercicio:

b) Outros acredores:

	EXERCICIO 2023				EXERCICIO 2022			
	Afiliados e outras Entid acredores	Persoal, remunerac pend	Outros acredores prestac servizos	TOTAL	Afiliados e outras Entid acredores	Persoal, remunerac pend	Outros acredores prestac servizos	TOTAL
Dpto 1 (Stgo)	38.728,80	0,00	4.011,46	42.740,26	20.288,88	-12,63	2.044,33	22.320,58
Dpto 2 (Po)	0,00	81,51	31,99	113,50	0,00	0,08	0,00	0,08
Dpto 3 (Ou)	0,00	0,00	10,89	10,89	0,00	0,00	0,00	0,00
Dpto 4 (Lu)	0,00	0,00	470,02	470,02	0,00	0,00	45,16	45,16
Dpto 5 (Co)	528,88	0,00	-143,60	385,28	178,78	0,00	0,00	178,78
TOTAL	39.257,68	81,51	4.380,76	43.719,95	20.467,66	-12,55	2.089,49	22.544,60

- O saldo da conta de Afiliados e outras entidades acredores corresponde ás seguintes débedas pendentes de pago ao 31 de decembro:

.- Real Federación Española de Caza, polas cotas das licenzas federativas de persoas físicas emitidas durante o mes de decembro (a licenza federativa da FGC é autonómica pero habilitanse todas con carácter nacional en cumprimento do acordo de integración subscrito coa RFEC no ano 2017).

.- Mutuasport, polas primas do seguro das licenzas federativas e documentos únicos emitidos durante o mes de decembro.

- Deportistas, técnicos e outros federados acredores, polas axudas pendentes de pago aos membros das diferentes seleccións galegas e aos árbitros auxiliares, así como débedas con outros federados, en xeral, por ingresos indebidos pendentes de devolución ao peche do exercicio.

- O saldo de Persoal por remuneracións pendentes corresponde a axustes de nóminas pendentes de abono.

- O saldo de Acredores por prestación de servizos comprende diversas facturas de servizos prestados, en xeral, correspondentes ao mes de decembro, pendentes de pago ao peche do exercicio.

c) Outras débedas a curto prazo:

	EXERCICIO 2023	EXERCICIO 2022
	Contas con directivos	Contas con directivos
Dpto 1 (Stgo)	9.701,91	1.408,15
Dpto 2 (Po)	0,00	0,00
Dpto 3 (Ou)	0,00	43,01
Dpto 4 (Lu)	195,59	0,00
Dpto 5 (Co)	1.017,18	975,03
TOTAL	10.914,68	2.426,19

- O saldo da conta con Directivos corresponde aos gastos de desprazamento, pendentes de pago ao peche do exercicio, aos membros dos diferentes órganos da FGC (xunta directiva, comisión delegada, e outros comités ou comisións).

7. OUTRA INFORMACIÓN DO BALANCE.

A efectos de seguir unha cronoloxía co balance, a continuación **infórmase doutros activos e pasivos non clasificados na categoría de instrumentos financeiros:**

7.1 Outras contas de activo.

	EXERCICIO 2023				EXERCICIO 2022			
	Caixa	Bcos cta/cte	Bco ctas aforro	TOTAL	Caixa	Bcos cta/cte	Bco ctas aforro	TOTAL
Dpto 1 (Stgo)	1.632,10 €	324.567,86 €	0,00 €	326.199,96 €	1.522,27 €	429.231,69 €	0,00 €	430.753,96 €
Dpto 2 (Po)	256,38 €	98.161,07 €	0,00 €	98.417,45 €	128,05 €	96.809,38 €	0,00 €	96.937,43 €
Dpto 3 (Ou)	181,91 €	49.286,06 €	0,00 €	49.467,97 €	221,92 €	33.115,08 €	0,00 €	33.337,00 €
Dpto 4 (Lu)	886,49 €	141.448,25 €	200.000,00 €	342.334,74 €	284,75 €	335.576,10 €	0,00 €	335.860,85 €
Dpto 5 (Co)	454,02 €	591.510,32 €	0,00 €	591.964,34 €	636,84 €	487.952,51 €	0,00 €	488.589,35 €
TOTAL	3.410,90 €	1.204.973,56 €	200.000,00 €	1.408.384,46 €	2.793,83 €	1.382.684,76 €	0,00 €	1.385.478,59 €

a) Efectivo e outros líquidos equivalentes:

b) Periodificacións:

	EXERCICIO 2023	EXERCICIO 2022
	Gtos anticipados	Gts anticipados
Dpto 1 (Stgo)	14,73	1.920,27
Dpto 2 (Po)	0,00	0,00
Dpto 3 (Ou)	0,00	0,00
Dpto 4 (Lu)	0,00	0,00
Dpto 5 (Co)	644,27	0,00
TOTAL	659,00	1.920,27

- A partida de periodificacións corresponde a gastos anticipados de competicións de agility (dpto 1) e de raposo (dpto 5), a celebrar no vindeiro mes de xaneiro do 2024.

c) Outras contas non bancarias:

	EXERCICIO 2023				EXERCICIO 2022			
	Ctas internas Dptos FGC	Contas ponte produción	Ctas internas entre FFPP	TOTAL	Ctas internas Dptos FGC	Contas ponte produción	Ctas internas entre FFPP	TOTAL
Dpto 1 (Stgo)	182.833,56	0,00	0,00	182.833,56	24.197,83	0,00	0,00	24.197,83
Dpto 2 (Po)	-35.905,90	-1.061,25	-285,70	-37.252,85	-1.319,24	1.320,02	0,00	0,78
Dpto 3 (Ou)	-51.008,61	0,00	535,00	-50.473,61	-21.333,73	10,90	0,00	-21.322,83
Dpto 4 (Lu)	-11.020,28	-676,18	30,70	-11.665,76	-3.484,60	-43,66	0,00	-3.528,26
Dpto 5 (Co)	-84.898,77	-42,13	-280,00	-85.220,90	1.939,74	-46,40	0,00	1.893,34
TOTAL	0,00	-1.779,56	0,00	-1.779,56	0,00	1.240,86	0,00	1.240,86

- Outras Contas non bancarias son contas internas, entre os diferentes departamentos da FGC e entre as federacións provinciais, nas que se rexistran operacións de intercambio. Sálpanse ao peche do exercicio agás no caso da conta de produción que se trata dunha conta asociada ao programa de emisión de licenzas e seguros federativos.

d) Admón. Públicas debedoras:

	EXERCICIO 2023	EXERCICIO 2022
	Debedores por subvencións	Debedores por subvencións
Dpto 2 (Po)	7.972,43	1.600,00
Dpto 5 (Co)	3.500,00	3.750,00
TOTAL	11.472,43	5.350,00

Nas notas 11.3.b) e 13 da presente memoria consta a relación de axudas recibidas durante este exercicio. Delas, estaban pendentes de cobro ao 31 de decembro unha subvención da Deputación da Coruña e senllas axudas dos concellos de Rodeiro e Lalín.

7.2 Outras contas de pasivo.

Ademais dos saldos acredores coas Administracións públicas por retencións e seguros sociais e das Provisións por debedas de entidades deportivas que se sinalan nas notas 10 e 12, respectivamente, compoñen outros pasivos do balance:

a) Periodificacións:

	EXERCICIO 2023	EXERCICIO 2022
	Ingresos anticipados	Ingresos anticipados
Dpto 1 (Stgo)	437,40	0,00
Dpto 2 (Po)	646,50	615,00
Dpto 3 (Ou)	0,00	0,00
Dpto 4 (Lu)	60,00	0,00
Dpto 5 (Co)	6.125,00	165,00
TOTAL	7.268,90	780,00

- A partida de periodificacións comprende diversos ingresos anticipados (cobros recibidos no exercicio 2023 executables no 2024), tales como inscricións de competicións a celebrar no próximo mes de xaneiro, seguros, licenzas de emisoras e trámites no REGIAC correspondentes ao vindeiro exercicio.

b) Partidas pendientes de aplicación:

	EXERCICIO 2023	EXERCICIO 2022
Dpto 1 (Stgo)	0,00	-198,82
Dpto 2 (Po)	168,50	0,00
Dpto 3 (Ou)	0,00	0,00
Dpto 4 (Lu)	0,00	0,00
Dpto 5 (Co)	0,00	217,00
TOTAL	168,50	18,18

- O saldo da conta de partidas pendientes de aplicación procede de ingresos efectuados nas contas bancarias da FGC dos que nuns casos descoñécese o pagador e o concepto, e noutros casos corresponde a ingresos realizados indebidamente. Estes apuntes cancelaranse no momento no que se identifica a orixe do cobro e se execute o servizo obxecto do mesmo ou, no seu caso, a devolución do ingreso incorrecto.

8. FONDOS PROPIOS.

Os fondos propios da FGC están constituídos polo Fondo Social.

A FGC no momento da súa constitución partía dun fondo social con saldo cero ao que, previo acordo anual da respectiva asemblea, fíose traspasando o resultado positivo e negativo dos sucesivos exercicios, aumentando ou diminuindo o Fondo Social.

Os movementos habidos neste epígrafe durante este exercicio e o anterior, foi o seguinte:

	EXERCICIO 2023			EXERCICIO 2022		
	Fondo social	Tpso Resultado ejercicio 2022	TOTAL	Fondo social	Tpso Resultado ejercicio 2021	TOTAL
Dpto 1 Stgo	446.917,04	-19.865,31	427.051,73	442.057,20	4.859,84	446.917,04
Dpto 2 Po	177.961,18	-17.152,42	160.808,76	182.932,23	-4.971,05	177.961,18
Dpto 3 Ou	30.061,40	-16.446,47	13.614,93	36.883,86	-6.822,46	30.061,40
Dpto 4 Lu	413.279,77	-14.752,02	398.527,75	422.664,75	-9.384,98	413.279,77
Dpto 5 Co	615.849,47	1.962,13	617.811,60	596.035,53	19.813,94	615.849,47
TOTAL	1.684.068,86	-66.254,09	1.617.814,77	1.680.573,57	3.495,29	1.684.068,86

A continuación fáise unha simulación para ver como quedaría o Fondo Social despois de traspasar o resultado do exercicio 2023, previa aprobación pola asemblea xeral:

	Fondo social 2023	Tpso Resultado ejercicio 2023	PATRIMONIO NETO
Dpto 1 Stgo	427.051,73	18.633,59	445.685,32
Dpto 2 Po	160.808,76	-19.807,22	141.001,54
Dpto 3 Ou	13.614,93	-13.366,17	248,76
Dpto 4 Lu	398.527,75	129,80	398.657,55
Dpto 5 Co	617.811,60	6.576,16	624.387,76
TOTAL	1.617.814,77	-7.833,84	1.609.980,93

O Fondo de Manobra resultante ao peche do exercicio 2023, é o seguinte:

	Activo corrente	Pasivo corrente	FONDO DE MANOBRA
Dpto 1 Stgo	511.833,48	-78.772,12	433.061,36
Dpto 2 Po	117.064,96	-3.753,47	113.311,49
Dpto 3 Ou	-331,21	-145,89	-477,10
Dpto 4 Lu	389.559,70	-1.604,61	387.955,09
Dpto 5 Co	522.340,21	-8.441,15	513.899,06
TOTAL	1.540.467,14	-92.717,24	1.447.749,90

9. EXISTENCIAS.

Compoñen as existencias da FGC a 31-12-2023 o material de consumo da actividade deportiva habitual; é dicir, a equipación deportiva da selección galega das diferentes especialidades deportivas, de xuíces e árbitros e de delegados-técnicos.

O movemento habido na conta de existencias durante o ano 2023 e o anterior, foi o seguinte:

	EXERCICIO 2023	EXERCICIO 2022
Dpto 1 (Stgo)	3.137,65	4.704,33
Dpto 5 (Co)	0,00	0,00
TOTAL	3.137,65	4.704,33

O inventario realizado no Departamento 1 ao 31-12-2023, arroxaba o seguinte saldo de existencias:

Produto	Ei + compras			SAÍDAS 2023			EXISTENCIAS FINAIS 2023	
	Existencias 31-12-22	Entradas 2023	TOTAL DISPONIBLE	Equipamento deportistas	Equip xuíces, téc e delegados	TOTAL SAÍDAS	Existencias 31-12-23	Importe Inventario
Polos azul Selección Galega	62	80	142	113	0	113	29	564,37
Chuvasqueiros Selección Galega	3	0	3	0	0	0	3	35,01
Chaquetas Selección Galega	0	13	13	3	3	6	7	193,96
Polos FGC	46	50	96	6	48	54	42	630,17
Chalecos FGC	61	47	108	63	33	96	12	291,06
Chuvasqueiros FGC	3	0	3	0	0	0	3	35,01
Polos xuíces	13	0	13	0	6	6	7	59,71
Chalecos xuíces	32	0	32	0	6	6	26	561,86
Chaquetas xuíces	27	0	27	0	4	4	23	483,00
Mochilas	0	100	100	0	34	34	66	283,50
	247	290	537	185	134	319	218	3.137,65

	Ei	Compras	Total
Importe material deportivo:	4.704,33 €	4.309,61 €	9.013,94 €
Importe consumo Selección Galega:		3.900,28 €	
Importe consumo xuíces e outros téc:		1.976,01 €	
IMPORTE EXISTENCIAS FINAIS:		3.137,65 €	
IMPORTE VARIACIÓN EXISTENCIAS:		1.566,68 €	

10. SITUACIÓN FISCAL.

A Federación Galega de Caza, con CIF V-15117849, é unha entidade sen ánimo de lucro que destina a totalidade dos seus ingresos e patrimonio á consecución dos fins propios do seu obxecto social. A actividade actual da entidade coincide co seu obxecto social.

A FGC é unha entidade declarada de utilidade pública, o que comporta o recoñecemento dos beneficios que o ordenamento xurídico outorga con carácter xeral a este tipo de entidades, e máis especificamente os recoñecidos na Lei do Deporte 3/2012 e Decreto 14-7-1994 regulador das federacións deportivas galegas.

Está exenta de presentar a declaración do IVE de conformidade co previsto no Art. 20.un.13 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, polo que as cotas do IVE soportadas considéranse gasto ou inversión do exercicio, segundo proceda.

De acordo coa certificación da Axencia Estatal de Administración Tributaria, nº de referencia 20232830406, a FGC disfruta do réxime fiscal especial regulado no Título II da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, agás no caso de obter rendementos derivados de explotacións económicas ou patrimonio.

Convenios de colaboración empresarial en actividades de interese xeral.

No marco do art. 25 da Lei 49/2002, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, durante o exercicio 2023 a FGC tiña subscritos os seguintes convenios de colaboración:

- Convenio coa *Mutua de Seguros Deportivos Mutuasport* para a realización das actividades que efectúa a FGC en cumprimento do seu obxecto e finalidade específica. Convenio para a presentación do libro *Cefenemiosis del Corzo* nas Xornadas de A Veiga; e convenio para a realización de carnés de socios ás sociedades federadas da FGC Coruña.
- Convenio con *Proyecta Galicia desde Ourense* para a promoción, divulgación, apoio, e mecenado dos campionatos oficiais organizados pola FGC que se relacionan no anexo I do citado convenio.
- Convenio coa *Fundación Artemisan* para a realización de censos.
- Convenio con *Piensos Nanfor* para a promoción, divulgación, apoio, e mecenado dos campionatos oficiais organizados pola FGC que se relacionan no anexo I do citado convenio.
- Convenio co *Concello de Cariño* para a promoción e divulgación da copa Federación Terras de Ortegal de rastro de xabril salvaxe.
- Convenio co *Concello de Cedeira* para a promoción e divulgación da copa Federación Terras de Ortegal de rastro de xabril salvaxe.
- Convenio co *Concello de A Veiga* para realizar unhas xornadas de promoción e divulgación do deporte da Caza en A Veiga.

Ademais dos anteriores convenios, a FGC ten subscritos outro tipo de convenios de colaboración, denominados *club de descontos*, con empresas e profesionais que ofrecen ofertas e descontos nos seus servizos e produtos aos federados. Este tipo de convenios non xeran en ningún caso nin beneficio nin gasto para o ente federativo.

Durante o exercicio 2023 e o anterior, a FGC non desenvolveu ningunha actividade á marxe do seu obxecto social ou finalidade específica que lle puidera xerar redementos non exentos do imposto de sociedades, por tanto non devenga gasto en concepto deste imposto pero si presenta a declaración por importe cero. Tamén presenta anualmente o Modelo 347, declaración anual de operacións con terceiros que supere os 3.005,06 €, e a memoria anual establecida na Lei 49/2002, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Saldos coas Administracións públicas:

	EXERCICIO 2023			EXERCICIO 2022		
	Facenda pública acreedora por IRPF	Organismos da Seguridade Social acredores	TOTAL	Facenda pública acreedora por IRPF	Organismos da Seguridade Social acredores	TOTAL
Dpto 1 (Stgo)	14.364,37	7.539,46	21.903,83	11.841,77	7.730,26	19.572,03
TOTAL	14.364,37	7.539,46	21.903,83	11.841,77	7.730,26	19.572,03

11. INGRESOS E GASTOS.

O detalle da conta de perdas e ganancias dos exercicios 2023 e 2022, é o seguinte:

	EXERCICIO 2023						EXERCICIO 2022					
	Dpto 1 Stgo	Dpto 2 Po	Dpto 3 Ou	Dpto 4 Lu	Dpto 5 Co	TOTAL	Dpto 1 Stgo	Dpto 2 Po	Dpto 3 Ou	Dpto 4 Lu	Dpto 5 Co	TOTAL
RESULTADO EXPLOTACIÓN:	18633,59	-19807,22	-13366,17	129,80	6576,16	-7833,84	-19865,31	-17153,57	-16446,47	-14752,02	1962,13	-66255,24
1. Importe neto cifra de negocio	357432,16	87451,84	32795,69	90254,32	123276,60	691210,61	329561,98	104691,67	30921,93	82614,42	106421,69	654211,69
2. Aproveitamento	-5876,29	0,00	0,00	0,00	-6013,60	-11889,89	4704,33	0,00	0,00	0,00	-5090,38	-386,05
3. Outros ingresos explotación	64255,57	36131,39	15243,50	10997,32	73505,88	200133,66	58123,38	24118,92	18165,58	1562,37	70405,05	172375,30
4. Gts de persoal	-155023,10	-68585,72	-28822,78	-32774,30	-76921,51	-362127,41	-141945,32	-63878,00	-25770,61	-29834,40	-71343,97	-332772,30
5. Outros gts explotación	-236541,93	-73197,51	-31711,82	-63744,67	-101203,45	-506399,38	-264320,02	-80426,35	-38720,88	-64792,36	-92733,58	-540993,19
6. Amortización Inmobiliado	-5530,32	-1607,22	-870,76	-4602,87	-6067,76	-18678,93	-5989,66	-1659,81	-1042,49	-4160,87	-5696,68	-18549,51
7. Deterioro e enaxenac inmoibiliz	-82,50	0,00	0,00	0,00	0,00	-82,50	0,00	0,00	0,00	-141,18	0,00	-141,18
RESULTADO FINANCEIRO:								1,15				1,15
Inq financeiros								1,15				1,15
Resultado exercicio	18633,59	-19807,22	-13366,17	129,80	6576,16	-7833,84	-19865,31	-17152,42	-16446,47	-14752,02	1962,13	-66254,09

Desglose das contas que compoñen os epígrafes de ingresos e gastos anteriores:

11.1 Importe da cifra de negocio.

	EXERCICIO 2023						EXERCICIO 2022					
	Ingresos Lic. Fed pers fisic	Ingresos Lic. Fed Ent Depor	Convenios colaborac	Ingresos actividades deportivas	Outros ingresos xestión	TOTAL	Ingresos Lic. Fed pers fisic	Ingresos Lic. Fed Ent Depor	Convenios colaborac	Ingresos actividades deportivas	Outros ingresos xestión	TOTAL
Dpto 1 (Stgo)	259.517,29	20.745,00	57.813,29	12.082,80	7.273,78	357.432,16	228.915,17	20.970,00	53.901,40	3.559,00	22.216,41	329.561,98
Antón Moure Segade

Subcampión
Absoluto
Campionato de España
de Caza de Arceas

CADRO DE HONRA DA SELECCIÓN GALEGA DE CAZA 2023



Jesús Mozo Pereira

Terceiro
Iniciados
Copa España de Percorridos de Caza




Julio Ferradás Rozas

Terceiro con "Copi"
Absoluta
Campionato de España
de Cans Atrelados sobre Xabaril



Pablo Brage Prieto

Terceiro
Mixto de Liñaceiro
Campionato de España
de Paxariles



Corsino Valero Villar

Terceiro con "Nia"
Homes
Campionato de España
de Caza San Huberto




Iria Boullosa Currás

Terceira
Arco Tradicional Cadete
Campionato de España
de Percorridos de Caza con Arco



Jorge E. Salinas Ramos

Terceiro con "Trice-Pirata"
Absoluta 60
Campionato de España
de Agility



Alberto Costas González

Terceiro con "Itches"
Absoluta 40
Campionato de España
de Agility



Manuel Santomé González

Terceiro con "Xunco"
Master Senior 60
Campionato de España
de Agility

CADRO DE HONRA DA SELECCIÓN GALEGA DE CAZA 2023



Alberto Costas González

Terceiro con “Itches”
Master 40
Campionato de España
de Agility



Jorge E. Ramos Salinas

Terceiro con “Trice-Pirata”
Master 60
Campionato de España
de Agility



César Martínez Bouzón

Terceiro con “Huracán Lilly”
Master 50
Campionato de España
de Agility



Jonathan San Isidro Mtez

Terceiro con “Dana”
Paragility 50
Campionato de España
de Agility



Federación Galega de Caza
www.federaciongalegadecaza.com

MEMORIA DA ACTIVIDADE 2023

3. A CAZA EN GALICIA

- 3.1 PERSONAS CAZADORAS E FEDERADAS
- 3.2 SINISTRALIDADE DAS PERSONAS FEDERADAS GALEGAS
- 3.3 SOCIEDADES FEDERADAS E TECORES
- 3.4 SEGUROS DE COTOS
- 3.5 A SUPERFICIE CINEXÉTICA
- 3.6 A CAZA MAIOR
- 3.7 SINISTRALIDADE DAS ESPECIES CINEXÉTICAS

3.1 PERSOAS CAZADORAS E FEDERADAS

LICENCIAS DE CAZA EN GALICIA NO 2023

Provincia	Licencias Caza 2023	Comparativa 2022
A Coruña	11090	- 2,37%
Lugo	7891	- 0,47%
Ourense	6954	+ 3,08%
Pontevedra	8387	- 3,32%
Total Licencias Galicia	34322	- 1,11 %
Bancos (fóra de Galicia)	958	+ 12,31 %
Total Licencias	35280	- 6,13 %

PORCENTAXE DE PERSOAS CAZADORAS FEDERADAS

Provincia	%
A Coruña	63,48 %
Lugo	67,73 %
Ourense	26,05 %
Pontevedra	59,59 %
Total Licencias	56,84 %

FEDERATIVAS EN GALICIA NO ANO 2023

Provincia	Federados 2023	Comparativa 2022
A Coruña	7211	- 0,46%
Lugo	5370	+ 0,26%
Ourense	1757	+ 0,92%
Pontevedra	5169	- 1,92%
Total Federados	19507	- 0,53 %

A pesar de que **o número de persoas cazadoras segue a caer en Galicia**, o número de persoas federadas mantense estable, sen apenas variacións significativas (non superiores ao 0,5%) nos últimos 10 anos (exceptuando o ano 2020 por mor da pandemia), polo que **a porcentaxe de persoas cazadoras federadas segue a medrar, acadando neste 2023 un novo máximo histórico do 56,84%**

Aínda que **na provincia de Ourense se rexistra un aumento** das licencias de caza, este só ven a contrarrestar a grande baixada rexistrada no 2022, e polo tanto **non inverte a progresión negativa histórica** dos anos anteriores, sendo o número de licencias en 2021 moi superior

A pesar de que **a estabilidade** no número de persoas federadas é salientable e pon en valor **a fidelidade dos cazadores e cazadoras de Galicia coa Federación Galega de Caza**, segue sendo necesaria **a muda xeracional** que manteña a estrutura cinexética da comunidade a nivel global, non só federativa

3.1 PERSOAS CAZADORAS E FEDERADAS

O EXAME DO CAZADOR


Provincia	Persoas aprobadas	Dif Licencias 2023 / 2022
A Coruña	97	- 269
Lugo	40	-37
Ourense	49	+ 208
Pontevedra	52	- 288
Total	238	- 386



O número de persoas que **superan o exame do cazador en Galicia**, necesario para obter a licenza de caza por primeira vez, **mantense moi similar nos últimos 4 anos**

Este número de incorporacións **non compensa a baixada xeral** de persoas que deixan de cazar en Galicia, polo que **o saldo ano a ano segue a ser negativo**

EVOLUCIÓN DAS XUVENTUDES





As **Xuventudes pola Caza** é o colectivo da FGC que engloba a tódolos federados **menores de 31 anos**.

No 2023 formábanos **1432 persoas**, supoñendo unha **moi leve baixada** respecto ao ano anterior, pero que **continúa a tendencia negativa** dos últimos anos, e que reflicta a falta de interese por parte dos mais novos nesta actividade

3.1 PERSOAS CAZADORAS E FEDERADAS

PERSOAS FEDERADAS POR TIPO DE FEDERATIVA

Tipo	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Totais
Federativa [P]	777	689	154	313	1933
Doc. Único [J]	170	162	36	153	521
Doc. Único [N]	703	193	67	859	1822
Doc. Único [Q]	521	374	209	502	1606
Doc. Único [R]	126	29	12	132	299
Doc. Único [S]	1028	940	374	1438	3780
D.U. [PREMIUM]	3156	2423	659	1348	7586
D.U. [PREMIUM ORO]	730	560	246	424	1960
	7211	5370	1757	5169	19507



O número de **persoas federadas sen cobertura de RC**, a través da licenza federativa, supoñen **menos do 10% do total**

7 de cada 10 persoas federadas teñen contratado algún dos tres produtos de **maior cobertura**: o S, o PREMIUM ou o PREMIUM ORO

A Coruña segue a liderar en número de federados, feito que leva ocorrendo ininterrompidamente dende o ano 2009, mentres que **Lugo mantén o seu segundo posto** dende o ano 2018

3.1 PERSOAS CAZADORAS E FEDERADAS


MULLERES FEDERADAS




O número de **mulleres federadas**, aínda que segue a ser discreto (apenas un 2%), está experimentando **un crecemento mantido ao longo dos anos, especialmente nos tres últimos**, grazas a disciplinas como o Agility, que contan cunha importante participación feminina, e tamén outras sen morte como Arco e Rastro de Xabaril

Cabe destacar que **o 28,7% das mulleres federadas no 2023 teñen menos de 25 anos**, mentres que entre os homes federados esta proporción é do 3,59%, o que pon de relevo que **este aumento da presenza feminina na caza ven promovida polas xuventudes**

Ano	Mulleres Federadas
2018	160
2019	182
2020	186
2021	202
2022	311
2023	389



EVOLUCIÓN DA % DE CONTRATACIÓN DO SEGURO PREMIUM



Os **documentos únicos PREMIUM**, a categoría de maior cobertura da gama de produtos que ofrece Mutuasport, formados polo PREMIUM e o PREMIUM ORO, **son xa a elección do 58,26% das persoas federadas en Galicia**, unha das cotas máis altas de toda España.

Dende a súa creación no ano 2015, e a pesar dunha leve caída no 2016 ao rematar o desconto de lanzamento, **a contratación do seguro PREMIUM medrou constantemente**, e a creación da súa variante ORO no 2023 supuxo un pulo que ven de constatar a confianza dos federados neste produto

3.1 PERSOAS CAZADORAS E FEDERADAS

TOP 10 DEPORTE FEDERADO ESPAÑA *

FEDERACION	Homes	Mulleres	TOTAL
FÚTBOL	1.049.824	87.827	1.137.651
BALONCESTO	246.464	130.644	377.108
CAZA	329.600	4.245	333.845
GOLF	211.878	81.500	293.378
MONTAÑA Y ESCALADA	185.691	103.914	289.605
BALONMANO	61.232	37.629	98.861
JUDO	73.141	25.650	98.791
PÁDEL	63.792	32.769	96.561
VOLEIBOL	29.242	66.196	95.438
ATLETISMO	51.062	41.404	92.466

TOP 10 DEPORTE FEDERADO GALICIA *



FEDERACIÓN	Homes	Mulleres	TOTAL
FÚTBOL	87.898	7.523	95.421
CAZA	19.231	315	19.546
BALONCESTO	11.293	6.785	18.078
SURFING	8.567	6.345	14.912
GOLF	8.566	3.395	11.961
ATLETISMO	6.023	4.983	11.006
BALONMANO	5.798	4.197	9.995
JUDO	6.130	2.841	8.971
CICLISMO	7.777	688	8.465
PÁDEL	5.312	2.804	8.116

No ano 2022, a caza perde o seu segundo posto no conxunto de España como deporte con máis licencias federativas a nivel nacional en favor do baloncesto, que se alza cunha suba de máis de 100.000 licencias no último ano

No tocante á comunidade galega, a caza segue a ser o segundo deporte con máis persoas federadas, e aínda que o baloncesto tamén reflicte unha suba importante de licencias, non son suficientes para desbancar ao deporte cinexético na nosa comunidade

3.1 PERSOAS CAZADORAS E FEDERADAS

CANS ASEGURADOS



Dende a implantación do seguro PREMIUM no ano 2015 e do anexo de cans con franquía por un prezo de 4,10€, **o número de cans asegurados en anexos polos federados non deixou de medrar**

No 2023 foron **un total de 29891 cans os asegurados mediante anexos**, xa sexa de seguros PREMIUM (sen custe adicional) ou con franquía, cunha media de 3 cans por anexo

Este número supón **un incremento do 23,3% respecto ao ano 2022**, e a maior suba rexistrada, sen dúbida causada pola creación do **novo seguro PREMIUM ORO, que permite incluír ata 10 cans sen custe adicional**, en contraposición co seguro PREMIUM normal que só permitía ata catro

2 de cada 5 persoas federadas teñen un anexo de cans contratado en calquera das súas modalidades

As provincias de **A Coruña e Lugo aglutinan o 69% do total** de cans asegurados en anexos

3.2 SINISTRALIDADE DAS PERSOAS FEDERADAS GALEGAS

ACCIDENTES (DANOS PROPIOS)

	2023	2022	DIF
A CORUÑA	31	24	29,17%
LUGO	16	12	33,33%
OURENSE	4	7	-42,86%
PONTEVEDRA	10	8	25,00%
Total	61	51	19,61%

SINISTROS R.C. CAZADOR

	2023	2022	DIF
A CORUÑA	31	3115	0%
LUGO	15	15	0%
OURENSE	13	7	85,71%
PONTEVEDRA	14	23	-39,13%
Total	73	76	-3,95%

SINISTROS ANEXOS R.C. CANS

	2023	2022	DIF
A CORUÑA	8	6	33,33%
LUGO	3	6	-50%
OURENSE	4	7	-42,86%
PONTEVEDRA	4	2	100%
Total	19	21	-9,52%

A **licencia federativa** leva implícito, por lei, un **seguro de accidentes persoais** (danos propios), polo que tódalas persoas federadas contan con este tipo de cobertura

No 2023 o número de accidentes elevouse a 61, supoñendo un aumento de case o 20% respecto a ano anterior


A pesar deste aumento, a **sinistralidade en danos propios é mínima na caza**, cun 0,3%

Mais do 90% das persoas federadas contan cun Documento Único que inclúe, a maiores da licencia federativa, un **seguro de RC** (cobertura de danos a terceiros)

Neste ámbito, a **sinistralidade no 2023** foi, no conxunto da comunidade, **practicamente idéntica á do 2022**, cunha leve baixada ata os 74 sinistros declarados a pesar **dunha importante subida relativa na provincia de Ourense**

Os documentos únicos PREMIUM e PREMIUM ORO contan **cun anexo de cans que asegura a RC fora da acción de caza ou adestramento**. Estes anexos tamén se poden contratar con outro tipo de documentos, pagando un importe de 4,10€ por can a asegurar


Este apartado contabiliza os sinistros **producidos por cans fora da acción de caza ou adestramento**, obxecto da cobertura deste tipo de anexos, e que foi de 19 sinistros



3.3 SOCIEDADES FEDERADAS E TECORES

SOCIEDADES FEDERADAS

Provincia	Sociedades 31-12-2022	Baixas 2023	Altas 2023	Sociedades 31-12-23
CORUÑA	134	2	2	134
LUGO	150	1	1	150
OURENSE	71	1	1	71
PONTEVEDRA	118	7	2	113
	473	11	6	468



Respecto ao ano anterior, **no 2023 causaron baixa un total de 11 sociedades, e 6 novas foron altas**, resultando nun total de 468 sociedades

Lugo e A Coruña seguen a ser as **que máis sociedades federadas acumulan**, co 60%


O número de Tecores reduciuse en un respecto ao ano pasado, sendo 450 os activos no 2023

381 dos 450 Tecores, ou o que é o mesmo, **o 84,6%, son xestionados por una sociedade federada**, de xeito exclusivo ou compartido

Pontevedra segue a ser a provincia cunha maior proporción de Tecores federados, co 97,26%. Se exceptuamos á provincia de Ourense, a media autonómica é do 94,6%

TECORES

	Xestionados por sociedades federadas	Xestionados por sociedades NON federadas	TOTAL Tecores
A Coruña	112	9	121
Lugo	138	9	147
Ourense	60	49	109
Pontevedra	71	2	73
	381	69	450



TECORES ASEGURADOS POLA FGC


Provincia	Total Tecores Federados	Nº PÓLIZAS RC COTOS				% Tecores asegurados
		Mutuasport	Proyecta Galicia	Outras aseguradoras	Tecores asegurados	
CORUÑA	112	49	14		63	56,25%
LUGO	138	10	52	23	85	61,59%
OURENSE	60	5	4		9	15,00%
PONTEVEDRA	71	4	16	15	35	49,30%
TOTAL	381	68	86	38	192	50,39%

Seguen a ser a metade dos Tecores federados os que **contratan súa póliza de cotos través da FGC**, mediante algunha das aseguradoras coas que ten convenio


Se ben esta proporción moi semellante en tódalas provincias a excepción de Ourense, cabe **salientar a lixeira maior proporción na provincia de Lugo, alcanzando case o 62%**

Cabe destacar tamén a tramitación cada vez maior por parte de Proyecta Galicia, que xa supón o 45% do total. Esta proporción é distinta por provincia, xa que **en Coruña a aseguradora dominante é Mutuasport**, co 77,8% das pólizas, **mentres que en Lugo é Proyecta Galicia**, co 61,2%. En Ourense e Pontevedra ó reparto entre estas dúas aseguradoras é moi semellante

TECORES ASEGURADOS RESPECTO DO TOTAL DE FEDERADOS



REPARTO DE PÓLIZAS POR ASEGURADORA




3.5 A SUPERFICIE CINEXÉTICA


EXPLOTACIÓNS CINEXÉTICAS



ZONAS DE RÉXIME CINEXÉTICO COMUN



DISTRIBUCIÓN DA SUPERFICIE CINEXÉTICA DE GALICIA



Existen en Galicia un total de **34 explotacións cinexéticas** comerciais, sumando en superficie un total de **13.682 has**. Na provincia de **Ourense é onde máis extensión de terreo cinexético ocupan estas explotacións**, con 6403 ha, practicamente o mesmo que no resto de provincias xuntas

Pola súa banda, as zonas de réxime cinexético común, **ocupan en Galicia unha superficie total de 167.757,61 has**. A Coruña e Pontevedra son as provincias que contan con mais número destas zonas, sen embargo **é Pontevedra a que acumula unha maior superficie, superando as 75.000 has**, un 44,7% do total




Tendo en conta que a extensión media dun Tecor é de 5880 has, **o total de terreo ocupado polas explotacións cinexéticas equivalería a dous Tecores**

CUMPRIMENTO DE COTAS DE CAPTURAS NAS PRINCIPAIS ESPECIES DE CAZA MAIOR

	Xabaril			Corzo			Cervo		
	Cota	Capturas	Cumprimento	Cota	Capturas	Cumprimento	Cota	Capturas	Cumprimento
A Coruña	4302	3879	90,17%	1529	556	36,36%	165	105	63,64%
Lugo	8955	6262	69,93%	2979	815	27,36%	69	37	53,62%
Ourense	8884	6364	71,63%	3701	1323	35,75%	352	91	25,85%
Pontevedra	3009	1958	65,07%	341	90	26,39%	0	0	0,00%

% de capturas realizadas

% de capturas sen realizar




A cota de **capturas para o xabaril no 2023 foi de 25.150 pezas, un 3,4% superior ao do ano anterior**, sendo **o grado de cumprimento moi similar**, aínda que lixeiramente inferior, con un 73,4% en comparación co 76% do ano anterior

En canto ao corzo e o cervo, tanto as cotas de capturas como o seu grado de cumprimento foron case idénticas ás do ano pasado. No caso do corzo foi dun 34% no 2022 e dun 33% no 2023, mentres que no caso do cervo foi lixeiramente superior, un 36% no 2022 fronte ao 40% acadado neste 2023

En total **no 2023 autorizouse a captura dun total de 34351 pezas de caza maior** no territorio galego, e capturáronse 21485 destas pezas, supoñendo un 65,55% de cumprimento. **8 de cada 10 pezas de caza maior capturadas no 2023 en Galicia foron xabarís**

3.7 SINISTRALIDADE DAS ESPECIES CINEXÉTICAS

EVOLUCIÓN DOS ACCIDENTES POR ESPECIE AO LONGO DOS MESES NO 2023




Segundo os datos facilitados pola *Dirección Xeral de Tráfico*, no 2023 producíronse **4872 accidentes de tráfico causados por especies cinexéticas**, un 2,3% máis que no ano anterior

O xabaril segue a ser por suposto a especie que máis sinistros provoca na nosa comunidade, co **73,5%**, seguido do corzo 23%. A incidencia do resto de especies é insignificante en comparación a estas dúas

Como pode observarse na gráfica superior, **as épocas de maior sinistralidade coinciden coas de maior presión cinexética**

DISTRIBUCIÓN DO NÚMERO DE ACCIDENTES POR PROVINCIA





Federación Galega de Caza
www.federaciongalegadecaza.com

MEMORIA DA ACTIVIDADE 2023

4. SERVIZOS E INICIATIVAS DA FGC

- 4.1 ESCOLA DE CAZA
- 4.2 ASESORÍA XURÍDICA
- 4.3 AS LICENZAS DE USO DE EMISORA
- 4.4 CLUBE DE DESCENTOS
- 4.5 ASESORÍA VETERINARIA E TRÁMITES REGIAC
- 4.6 XUVENTUDES POLA CAZA
- 4.7 COMUNICACIÓN, DIFUSIÓN E REDES SOCIAIS

4. OS SERVIZOS E INICIATIVAS DA FGC

4.1 A ESCOLA DE CAZA


PARTICIPACIÓN NOS CURSOS DA ESCOLA DE CAZA

	Sociedades	Seguridade	Enfermidades	Totais
A CORUÑA	25	33	45	103
LUGO	33	31	38	102
OURENSE	8	10	20	38
PONTEVEDRA	11	13	13	37
OUTRAS	1	1	5	7
Totais	78	88	121	287

PERFIL DA PERSOA PARTICIPANTE NOS CURSOS

- ✓ Home
- ✓ Cazador
- ✓ Federado
- ✓ Entre 31 e 50 anos

INSCRICIÓNS POR CURSO




A Escola de Caza online da FGC acollía no 2023 a sexta edición do curso de formación para responsables de sociedades de caza, a cuarta do curso de seguridade e primeiros auxilios e por primeira vez impartíase o curso sobre fauna cinexética, saúde alimentaria e xestión de residuos

Eran **287 as persoas inscritas este ano, número moi similar ao acadado en 2022**, cando foron 292

Cabe salientar a **grande acollida da primeira edición do novo curso**, que contou cunha participación superior ao do resto, loxicamente pola novidade na temática

Entre as persoas matriculadas presentáronse finalmente ao exame de avaliación o 77%, **resultando aptas o 97%, cunha media superior ao 8 en tódolos cursos**


DISTRIBUCIÓN DA PARTICIPACIÓN TOTAL POR PROVINCIA



4. OS SERVIZOS E INICIATIVAS DA FGC

4.2 ASESORÍA XURÍDICA

VOLÚMEN DE TRÁMITES POR TIPOLOXÍA




As persoas e sociedades federadas da FGC teñen á súa disposición **unha asesoría xurídica gratuita a cargo dunha das maiores expertas a nivel nacional en lexislación cinexética e deportivo-cinexética**. Sen dúbida un dos pilares fundamentais do servizo aos federados.

Ao longo do ano 2023 a **Asesoría Xurídica da FGC realizou preto de 600 trámites, unha media de 50 trámites mensuais ou 2,5 diarios**, a meirande parte relacionados coa elaboración de respostas ás consultas recibidas por parte de persoas e sociedades federadas

Máis da metade dos trámites (58%) estiveron relacionados coas consultas de federados e sociedades e co asesoramento e tramitación de documentación de sociedades de caza

O asesoramento interno e realización de informes varios para a propia FGC tamén forma una parte fundamental do traballo da asesoría, supoñendo **preto do 15%** destes trámites

A realización de trámites para o **asesoramento en materia de competicións** supuxo un 12,3% mentres que o trámite de **alegacións a denuncias e reclamacións e o de expedientes federativos** supuxo conxuntamente o 16% restante




EVOLUCIÓN DO VOLÚMEN TOTAL DE TRÁMITES

4.3 AS LICENZAS DE USO DE EMISORA

LICENZAS DE EMISORA POR PROVINCIA



LICENZAS DE EMISORA POR ÁMBITO



TOTAL EMISORAS

10.432

VARIACIÓN

-3,07%



O uso de emisoras de radiofrecuencia é unha ferramenta para a seguridade dos cazadores durante a práctica da actividade cinxética. De feito, o uso deste tipo de dispositivos na caza ademais de brindar unha mellor coordinación e comunicación entre os participantes das cacerías colectivas, aporta seguridade e reduce notablemente o risco de incidentes e accidentes.

No 2023 outorgáronse un total de 10.423 licenzas de uso de emisora entre os federados galegos. Un número practicamente idéntico ao de 2022, cunha leve baixada do 3%


A provincia de Lugo segue a ser a preponderante neste campo, aportando case a metade (48,7%) das licenzas. Segue sendo ademais significativo o dominio da autorización provincial respecto da autonómica nesta provincia, todo o contrario que no resto de provincias

Esta situación parece deixar claro que as persoas cazadoras da provincia de Lugo cazan fundamentalmente na súa provincia, mentres que as do resto de persoas fano polo menos en dúas provincias distintas

4. OS SERVIZOS E INICIATIVAS DA FGC

4.4 CLUBE DE DESCONTOS


ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS POR PROVINCIA



DE ÁMBITO AUTONÓMICO,
NACIONAL OU ONLINE



ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS POR TIPOLOXÍA



O Club de Descontos exclusivos para cazadores federados, creado no ano 2012, ten por **obxecto facilitar aos cazadores federados os mellores descontos e ofertas nos artigos e servizos que estes precisen para a práctica da actividade cinexética e deportiva.**

No ano 2023 houbo un total de 104 establecementos adheridos ao Club de Descontos da FGC, sendo catro os novos establecementos e dous os que causaron baixa

A meirande parte dos servizos ofrecidos por establecementos corresponden á saúde persoal, incluíndo psicotécnicos, clínicas médicas, dentais, auditivas e xeneralistas


Aqueles destinados aos cans, como clínicas veterinarias, tendas e distribuidores de alimentación e outros coidados supoñen o segundo maior foco destes servizos

O resto de servizos ofertados para federados son moi variados e inclúen hostalaría, restauración, viaxes, equipamento, gasoleiras, seguros, asesorías, etc. etc.


4. OS SERVIZOS E INICIATIVAS DA FGC

4.5 ASESORÍA VETERINARIA E TRÁMITES REGIAC

TRÁMITES REALIZADOS POR PROVINCIA



TRÁMITES REALIZADOS POR TIPOLOXÍA



As persoas federadas dispoñen dun servizo veterinario para realizar **todas as xestións relacionadas coa actualización de datos dos seus cans no REGIAC** (Rexistro Galego de Animais de Compañía), agás as altas de animais non identificados.

Con tan só 71 trámites no 2023, **este servizo sufriu unha baixada do -85% respecto ao ano anterior**, cando se realizaran 476 trámites

O trámite máis habitual segue a ser o de **baixas de cans**, sen neste caso 45 as solicitadas polas persoas federadas

As persoas federadas da **provincia da Coruña** foron as principais usuarias deste servizo no 2023, cun **79% das solicitudes** realizadas

As consultas de cans inscritos, as baixas de cans e os cambios de propietario foron **os únicos trámites solicitados neste 2023**

4. OS SERVIZOS E INICIATIVAS DA FGC

4.6 XUVENTUDES POLA CAZA



As Xuventudes pola Caza é un colectivo que **agrupa a tódalas persoas federadas de ata 30 anos**. A Comisión das Xuventudes ten por obxecto a **promoción e divulgación da caza** en tódalas súas facetas dentro deste tramo de idade

No 2023 houbo **1432 persoas federadas con menos de 31 anos**, sendo o 88,2% homes e o 11,8% mulleres. Trátase dunha **cifra practicamente idéntica á de 2022**, no que foron 1437

A Coruña é a provincia con maior número de xuventudes, ou persoas englobadas no colectivo de Xuventudes pola Caza, **cun total de 564, o 39,4% do total**. Séguelle Lugo con 393 e o 27,44%

A proporción de xuventudes entre as persoas federadas por provincia é practicamente idéntica en todas elas, pois varía entre o 6,43% de Ourense e o 7,82% de Coruña

As persoas membros das **Xuventudes pola Caza organizaron ou colaboraron nunha ducia de actividades ao longo do ano** que se detallan no apartado “Axenda Federativa”


XUVENTUDES POLA CAZA POR SEXO E PROVINCIA

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Homes	490	355	107	311	1263
Mulleres	74	38	6	51	169
	564	393	113	362	1432

DISTRIBUCIÓN POR PROVINCIA



DISTRIBUCIÓN POR SEXO




MEMBROS DA COMISIÓN DAS XUVENTUDES

Delegado A Coruña	VIQUEIRA CASTRO, FRANCISCO
Delegado Lugo	FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, TAMARA
Delegado Ourense	ÁLVAREZ GONZÁLEZ, ALEJANDRO
Delegado Pontevedra	SUÁREZ FERNÁNDEZ, SERGIO

4.7 COMUNICACIÓN, DIFUSIÓN E REDES SOCIAIS

A PÁXINA WEB DA FGC



QUÉ INFORMACIÓN BUSCA A PERSOA VISITANTE

Case a metade das visitas á páxina web da FGC realízanse principalmente **co fin de coñecer a actualidade** tanto federativa como cinxética


As diversas disciplinas competitivas da FGC e a propia información federativa (licencias e seguros, emisoras, medios de contacto, información corporativa, etc.) son tamén recursos visitados moi asiduamente, cun 26% do total de visitas

ORIXE DAS VISITAS

O 50% das visitas á páxina web chegan dende os buscadores web (Google, Bing, etc). Estas procuras consisten sobre todo en termos xenéricos como “federación de caza” ou “federación galega de caza”

Pola súa banda, **as redes sociais aportan o 20%** do tráfico diario que recibe a páxina web

Os enlaces directos (favoritos, introdución directa da dirección web) son o segundo motor do tráfico que chega á web, **co 25% do total**



4.7 COMUNICACIÓN, DIFUSIÓN E REDES SOCIAIS

GALICIA CINEXÉTICA, A REVISTA DA FGC

No pasado exercicio 2023, a revista **Galicia Cinexética** editada pola Federación Galega de Caza, **levou a cabo unha importante transformación en canto á periodicidade** na súa impresión así como nos contidos da mesma.


No mes de marzo de 2023 publicábase o derradeiro exemplar en formato mensual de Galicia Cinexética, **pasando posteriormente a formato trimestral cun incremento de preto do 40% no número de páxinas**. Foi en xuño de 2023 cando saiu á luz o número 171 desta publicación coas características mencionadas anteriormente.

En canto aos contidos, **as páxinas de Galicia Cinexética víronse modificadas para engadir información máis especializada** e deixando a actualidade para os canles de comunicación virtuais. Destacar a implantación da sección “Especial” na cal **en cada número abórdase con profundidade e amplitude unha temática diferente**: unha disciplina cinexética-deportiva, unha especie cinexética, unha modalidade de caza, etc.

Estes cambios non viron afectada a intencionalidade desta publicación para ser **unha canle de comunicación e formación para os cazadores galegos**, e sobre todo para aqueles que senten dificultades no manexo da internet.



DISTRIBUCIÓN DE EXEMPLARES DA REVISTA



Imprímense 1800 exemplares de cada número da revista Galicia Cinexética

- **1000 destes exemplares son enviados** a sociedades, subscritores, establecementos do Clube de Descostos e outros colaboradores
- **500 son destinados á súa venda** en quioscos de toda Galicia
- **300 son destinados ao seu uso por parte da Federación**, para distribuír promocionalmente en actividades, competicións e outros eventos

4.7 COMUNICACIÓN, DIFUSIÓN E REDES SOCIAIS

A FGC NAS REDES SOCIAIS



6.313 seguidores/as

↑ 6,78% respecto 2022



1.247 seguidores/as

↑ 1,05% respecto 2022



750 adheridos/as

★ Implantada en 2023



701 seguidores/as

↑ 89,46% respecto 2022



122 subscriptores/as

↑ 8,93% respecto 2022



51 seguidores/as

→ n/d

A FGC segue a facer medrar paseniñamente a súa presenza nas principais redes sociais, onde **Facebook segue a ser a principal ferramenta de comunicación** pois é a rede social con maior implicación por parte do colectivo cinexético

Cabe destacar a **boa acollida que tivo a chegada da FGC á rede social Instagram** no 2022 chegando case a duplicar o número de persoas seguidores desta rede social neste 2023 respecto aos que pecharon no 2022

En canto á **rede social X (coñecida anteriormente como Twitter)**, segue sen ter moito calado entre as persoas cazadoras, polo que a actividade da FGC é puntual, se ben **manter unha presenza estable nesta rede segue a ser importante** para contrarrestar a importante actividade animalista e anti-caza que acolle

Cabe resaltar a **creación dunha lista de difusión mediante a aplicación de mensaxería WhatsApp**, sen dúbida a canle de comunicación preferente no colectivo cinexético, a través da cal a FGC comunica aos adheridos á mesma as súas principais novas e comunicacións. Debido ás súas particulares características de privacidade, **esta aplicación require dunha autorización especial** por parte da persoa que desexe adherirse

Para un aumento da presenza da FGC noutras redes audiovisuais como YouTube ou un hipotético perfil na popular rede TikTok requiriría da creación de vídeos de curta ou media duración, para o cal **sería necesaria a implicación de persoas cazadoras con capacidade para a creación de contido** que quixeran participar na comunicación da FGC. Este punto sería importante xa que estas redes son de maior popularidade entre a mocidade

4.7 COMUNICACIÓN, DIFUSIÓN E REDES SOCIAIS

A FGC NAS REDES SOCIAIS

FACEBOOK, A PRINCIPAL REDE SOCIAL CINEXÉTICA

Dado que **Facebook** é a **principal ferramenta de comunicación** social cos cazadores e cazadoras galegos, é importante analizar o rendemento desta rede

Destaca, en primeiro lugar, que **o reparto de sexos é moi diferente ao recollido nas estatísticas de persoas federadas**. Se ben a presenza de mulleres neste caso é do 2%, no caso das persoas seguidoras en Facebook este aumenta ata o 16,20%. Un dato que reflicte **unha maior implantación das redes sociais entre as mulleres, e que debería aproveitarse para difundir a caza entre este colectivo**

A idade tamén é un factor fundamental a ter en conta, dado que **as persoas entre 25 e 54 anos supoñen aproximadamente o 75% dos seguimentos**. Como cabe esperar a partir dos 55 anos redúcese significativamente o uso desta rede

Cabe salientar tamén **a escasa presenza de mocidade nesta rede**, supoñendo apenas o 5% do total aqueles que teñen de 18 a 24 anos. Se ben este feito está **relacionado coa propia situación da xente nova entre o colectivo cinexético**, tamén ven determinado polo **menor uso desta rede neste rango de idade**, que opta por outras plataformas sociais como TikTok ou YouTube



Edad y sexo

Hombres 83.80%
Mujeres 16.20%



PERFIL DO SEGUIDOR DE FACEBOOK

PRINCIPAIS PUBLICACIÓNS POR REPERCUSIÓN

Título	Fecha de publicación	Alcance	Me gusta y reacciones
Participación e lance de Juan Carlos Arteche que a postre... Federación Galega de Caza	10 jul 2023	17,4 mil Alcance	199 Reacciones
Vídeo dos momentos que nos deparou o Campionato Provi... Federación Galega de Caza	29 nov 2023	15,8 mil Alcance	98 Reacciones
Esta fin de semana Spot na TVG da Tempada Xeral de Caza ... Federación Galega de Caza	20 oct 2023	15,3 mil Alcance	177 Reacciones
Os galegos Jose Manuel Torres Parada con "Enxa" e Alfonso ... Federación Galega de Caza	20 nov 2023	9,2 mil Alcance	115 Reacciones
Campionato Provincial de Lugo de Caza de Arceas 25 ... Federación Galega de Caza	14 nov 2023	8,7 mil Alcance	41 Reacciones



Federación Galega de Caza

www.federaciongalegadecaza.com

MEMORIA DA ACTIVIDADE 2023

5. A AXENDA FEDERATIVA

- 5.1 XUNTANZAS DA FGC
- 5.2 XUNTANZAS COA ADMINISTRACIÓN
- 5.3 XUNTANZAS CON OUTRAS INSTITUCIÓN
- 5.4 OUTRAS XUNTANZAS
- 5.5 ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA FGC
- 5.6 ACTIVIDADES DAS XUVENTUDES POLA CAZA
- 5.7 ASISTENCIA A EVENTOS

XUNTA DIRECTIVA, XUNTA EXECUTIVA E COMISIÓN DELEGADA



A nova **Xunta Directiva** da FGC, designada o 16 de xaneiro polo recién nomeado Presidente, Luis Eusebio Fidalgo, **celebraba a súa primeira xuntanza o 3 de marzo de 2023**

O equipo directivo da FGC reuníase en dúas ocasións máis ao longo do 2023, concretamente o 20 de xullo (online) e o 17 de novembro (presencial)

A **Xunta Executiva**, formada polo Presidente, Vicepresidente, Tesoureiro e Secretario Xeral da FGC, **reuníase o 7 de febreiro (online) e o 4 de maio (presencial)**

A **Comisión Delegada** xuntábase en tres ocasións ao longo do ano, concretamente **o 3 de marzo, o 23 de agosto e o 17 de novembro**

A ASEMBLEA XERAL



A Asemblea Xeral da FGC reuníase en dúas ocasións ao longo do ano, como ven sendo habitual

A primeira delas foi o **24 de marzo**, na sede da Real Federación Galega de Caza no estadio Verónica Boquete de San Lázaro, co fin de **aprobar as contas e actividades do ano 2022 e tamén varios aspectos do 2023** como os orzamentos, as cotas das licenzas federativas ou o calendario e normativa de competicións, entre outros temas.



A segunda xuntanza da Asemblea Xeral tivo lugar o **1 de decembro** no Hotel Los Abetos, co fin de **aprobar os orzamentos, as cotas federativas e o calendario de competicións para o 2024** así como outros proxectos e modificacións

XUNTANZAS DOUTROS ÓRGANOS E COMITÉS DA FGC



Diferentes **órganos e comités da FGC**, como a **Comisión de Competicións**, ou o **Comité de Xuíces e Árbitros** reuníronse en diversas ocasións ao longo do ano, tanto **en formato presencial**, como **online** ou, **maioritariamente, híbrido**



Tamén se reuniron os **representantes da FGC nos Comités de Caza**, provincias e galego, con carácter previo a estas xuntanzas de cara a **preparar e consensuar as diferentes propostas e reclamacións que a FGC traslada**, en nome dos seus federados, a estes organismos



VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA



O Presidente ou a Xunta Executiva da FGC reuniuse en múltiples ocasións con diversos representantes da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no 2023, comezando **pola propia Vicepresidenta 2ª e Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Dona Ángeles Vázquez Mejuto**, o 2 de febreiro, cando se producía o primeiro contacto entre ambas entidades

Ata en seis ocasións mais se reuniron representantes da FGC coa Consellería, ben coa Directora, coa Subdirectora ou co Xefe de Servizo, para tratar temas de diversa índole relacionados coa actividade, que van dende os meramente administrativos e de xestión, por exemplo para tratar convenio de colaboración e divulgación, a outras nas que **a FGC trasládalle propostas, inquedanzas e queixas do colectivo cinexético ao máximo organismo competente en materia de caza**, co fin de que as incorporen dun ou doutro xeito

Temas como a problemática na renovación de licenzas de caza nas entidades bancarias, **a gratuidade da licenza de caza**, a redución de taxas para os Tecores, as mulleres no mundo da caza ou **a necesidade da muda xeracional** foron algún dos aspectos tratados nestas xuntanzas

5.2 XUNTANZAS COA ADMINISTRACIÓN

XUNTANZAS CON OUTROS ORGANISMOS DA ADMINISTRACIÓN**SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE**

A FGC mantíña como é **habitual xuntanzas con aquelas entidades públicas** coas que mantén diversas dependencias e/ou colaboracións e convenios

Tal é o caso da **Secretaría Xeral para o Deporte**, coa que mantíña **una xuntanza o 2 de febreiro**, co fin de presentarlle ao Secretario Xeral, José Ramón Lete, a nova Xunta Executiva da FGC

Representantes da FGC mantíñan contacto estreito coa Secretaría Xeral para o Deporte ao longo do ano de cara a estipular **os puntos do convenio de colaboración con esta entidade**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Do mesmo xeito, durante os últimos meses do ano, a FGC mantíña **diversas xuntanzas coa Consellería do Medio Rural**, de cara a afinar os detalles do convenio de colaboración que a Federación ven asinando con esta consellería nos últimos anos, para a realización de **actividades de prevención de incendios forestais**

5.3 XUNTANZAS OUTRAS INSTITUCIÓNS E ORGANISMOS PÚBLICOS

XUNTANZAS DE COMITÉS E OUTROS ORGANISMOS PÚBLICOS



Comité Galego de Caza



Consello Forestal de Galicia

A FGC participa, en maior ou menor medida, con ven sendo habitual, **en diversos comités, comisións e outros organismos de carácter público**

Por outra banda, **a presenza e participación da FGC naquelas entidades das que forma parte** como a Real Federación Española de Caza, Mutuasport ou UFEDEGA (Unión de Federaciones Deportivas Galegas” segue a ser fundamental e moi reclamada por parte destas entidades

XUNTANZAS CON INSTITUCIÓNS DAS QUE FORMA PARTE A FGC



Xuntanzas UFEDEGA



Asemblea RFEC



Asemblea MutuaSport

Especialmente a asistencia ás diversas xuntas directivas, asembleas, comités, etc que realizan estas últimas **ocupan una grande parte da axenda federativa do ano**

XUNTANZAS DE XESTIÓN



Projecta Galicia



ARIÓN



Convenio XENOTECHS



Asoc Gardas de Caza

XUNTANZAS CON SOCIEDADES E OUTROS COLECTIVOS



Sociedade Caza Sabugueiras



Asociación de Arceiros de Galicia

XUNTANZAS CON PARTIDOS POLÍTICOS



VOX



Partido Popular

A Xunta Executiva pero especialmente a **Presidencia da FGC** mantivo ao longo do ano **multitude de xuntanzas** máis aló das que forman parte da organización federativa ou os compromisos institucionais. Moitas destas xuntanzas son con aquelas empresas e entidades coas que a FGC mantén convenios de colaboración ou patrocinio, co fin de negociar e axustar os detalles de renovación ou activación destes convenios, **necesarios para manter a actividade federativa e ofrecer servizos exclusivos ás persoas federadas**

Tamén son habituais **xuntanzas con sociedades e outros colectivos** que desexan reunirse coa FGC co fin de entaboar conversa, ofrecer colaboración e achegar as súas propostas, ou ben **cos diferentes partidos políticos** para coñecer as súas propostas relacionadas coa caza sempre que se celebran comicios

ACTOS E ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA FGC



Xornada Exaltación da Caza en A Veiga (Ourense)



OUTROS EVENTOS COA PARTICIPACIÓN DA FGC



Feira FECAP – Semana Verde de Silleda



Acto entrega diplomas cursos formación 2023

5.6 ACTIVIDADES DAS XUVENTUDES POLA CAZA



6 /15 febreiro




Charlas no CFEA de Lourizán
Modalidades de caza, tipos de armas, razas de cans,,

1 /16 marzo



Excursión cos alumnos do CFEA de Lourizán
Funcionamento de estruturas para a caza menor (biotopos, semiliberdade, etc)

28 marzo



Simulador no campus de Pontevedra da UVigo
Tiro virtual alumnos da Escola de Enxeñería Forestal

21 abril



Excursión cos alumnos do CEIFP da Granxa
Funcionamento de estruturas creadas para o apoio a especies de caza menor, como biotopos

1 maio



Simulador de tiro nas Xornadas "Memorial David García" de Terra Chá
Monitores de tiro virtual para os asistentes

12-13 maio



Simulador de tiro nas Xornadas Culturais, Deportivas e Cinexéticas de Lalín
Monitores de tiro virtual para os asistentes

5.6 ACTIVIDADES DAS XUVENTUDES POLA CAZA

8-11 xuño



Simulador de tiro na FECAP – Semana Verde
Monitores de tiro virtual para os asistentes da feira por excelencia de Silleda durante os 4 días

1 xullo



Xornada de exaltación da caza en A Veiga
Asistencia á presentación do libro "Cefenemiosis en el corzo" e monitores do simulador nesta xornada

28-30 xullo



Xornadas nacionais de caza en Soria
Asistencia a esta xornada co fin de tratar diversos temas, e asistir a charlas e formacións

2 setembro



Batida de Xuventudes no Tecor Terra Chá
Participación xunto con outros cazadores novos nunha batida de corzos coa colaboración do Tecor

26 setembro



Excursión cos alumnos de Lourizán
Mostra do funcionamento de infraestruturas de apoio a especies de caza menor e outras actividades



GALAS, XORNADAS, CONGRESOS, ETC



Acto conmemoración 20M Rural



Xornadas Cinexéticas Lalín



Inventario Forestal de Galicia



Xornada caza sostenible paspallás



50 Aniversario Sociedade de Caza A Fonsagrada



A presenza da FGC é reclamada e valorada en tódolos actos relacionados máis ou menos estreitamente co mundo da caza e o rural. Así pois os representantes federativos, especialmente o seu Presidente, **tratan de facer acto de presenza e, a ser posible, colaborar activamente, en cantos actos lles sexa posible ao longo do ano**

O 2023 non foi unha excepción e a **FGC** estivo presente en varias decenas de eventos, como xornadas, feiras, congresos, galas, entregas de premios, etc por toda a xeografía galega, representada tanto por directivos autonómicos como provinciais



Federación Galega de Caza

www.federaciongalegadecaza.com

MEMORIA DA ACTIVIDADE 2023

Santiago de Compostela, a 31 de decembro de 2023

O PRESIDENTE,

Firmado
digitalmente por
09720523X LUIS
EUSEBIO FIDALGO
(R: V15117849)

Asdo. Luis Eusebio Fidalgo Álvarez

O SECRETARIO,

Firmado
digitalmente
por MOURE
CANEDA JOSE -
33272700A

Asdo. José Moure Caneda